

Censo de poboación e vivendas. Coñecemento e uso do galego.

Ano 2011

NOTAS EXPLICATIVAS

1. Introducción

O Censo de Poboación e Vivendas do ano 2011 elaborado polo Instituto Nacional de Estadística (INE) é unha operación estatística que combina os seguintes elementos:

- Un ficheiro precensal realizado a partir do aproveitamento máximo dos rexistros administrativos dispoñibles, tomando o Padrón Municipal de Habitantes como elemento básico da súa estrutura.
- Un traballo de campo que inclúe dúas grandes operacións:
 - Un Censo de Edificios exhaustivo
 - Unha gran enquisa por mostraxe dirixida a unha porcentaxe relativamente alta da poboación para coñecer as características das persoas e das vivendas

Na gran enquisa por mostraxe, e para as comunidades con lingua propia, incluíuse un apartado con preguntas sobre o coñecemento e o uso da lingua.

2. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

O ámbito poboacional para as variables de coñecemento e uso da lingua corresponde as persoas de 5 ou máis anos residentes nas vivendas familiares da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

Ámbito temporal

A data de referencia é o día 1 de novembro de 2011

3. Definicións e aspectos metodolóxicos

As preguntas do cuestionario censual correspondentes ao coñecemento e o uso da lingua galega foron as seguintes:

Cal é o seu coñecemento do galego?

(No cuestionario en papel só se podía marcar unha opción ou ningunha e no cuestionario vía CAPI/CAWI podíanse marcar varias opcións ou ningunha)

- Enténdeo
- Fálao
- Leo
- Escríbeo

Cando usa o galego?

- Sempre
- Nunca
- Ás veces

Onde o usa? (pode marcar varias opcións)

- En familia
- Na escola
- No traballo

O tamaño de mostra está constituído por 207.942 persoas, 82.616 na Coruña, 30.877 en Lugo, 31.749 en Ourense e 62.700 en Pontevedra.

A recollida da información levouse a cabo por dúas vías: vía CAPI/CAWI e pola vía do “Papel”. A vía CAPI/CAWI ten unha mostra de 96.095 persoas e a vía “Papel” 111.847 persoas.

A depuración/imputación das variables da lingua realizouse polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

Na depuración tivéronse en conta as seguintes regras de coherencia:

- Se a persoa que contesta non sabe ler nin escribir entón asúmese que non pode ter coñecemento de lectura nin de escritura.
- Se a persoa que contesta usa sempre o galego pero non sabe ler nin escribir entón asúmese que polo menos ten o coñecemento de falar en galego.
- Se non sabe ler ou escribir pero emprega ás veces o galego, polo menos fala o galego
- Se usa sempre o galego e está ocupado entón emprégao no traballo
- Se usa sempre o galego e está estudando, entón emprégao na escola
- Se usa sempre o galego e non o emprega nin na escola nin no traballo e no apartado de coñecemento fala galego, entón emprégao en familia
- Se usa o galego no entorno familiar, na escola ou no traballo, polo menos úsao “Ás veces”

- Se usa o galego en familia, na escola ou no traballo ás veces ou sempre, entón fálaos e enténdeos.
- Se usa sempre ou ás veces o galego, polo menos fálaos e enténdeos.

Para a información procedente da vía “Papel” e nas variables de coñecemento do galego asumíuse que:

- Se unha persoa ten coñecementos de escritura e lectura entón sabe falar galego
- Se unha persoa ten coñecementos de escritura, lectura e sabe falar en galego, entón entende o galego

Para a información procedente da vía CAPI/CAWI imputáronse os valores marcados como inválidos das variables correspondentes ao coñecemento do galego (2,4% dos rexistros para entenden e 2,5% dos rexistros para falan), e a variable do uso do galego (3% dos rexistros). Para a información procedente da vía “Papel” imputáronse os valores inválidos da variable do uso do galego (777 rexistros, 0,69%). Para a imputación empregouse o paquete de R **mi** (Missing Data Imputation and Model Checking). Este paquete fai imputación múltiple e permítelle ao usuario elixir, entre outras cousas, os predictores e os modelos. Neste caso empregáronse modelos de regresión loxística para o coñecemento do galego e de resposta categórica para o uso do galego.

Definicións

Vivenda: é o recinto estruturalmente separado e independente que, pola forma en que foi construído, reconstruído, transformado ou adaptado, está concibido para ser habitado por persoas ou, aínda que non fose así, constitúe a residencia habitual dalguén no momento censual. Como excepción, non se consideran vivendas os recintos que, a pesar de estar concebidos inicialmente para habitación humana, no momento censual están dedicados totalmente a outros fins (por exemplo, os que estén sendo usados exclusivamente como locais)

Vivenda familiar: é a vivenda destinada a ser habitada por unha ou varias persoas, xeral pero non necesariamente unidas por parentesco, e que non constitúen un colectivo.

4. Difusión

A difusión da información faise para o coñecemento do galego (enténdeos e fálaos) e para o uso do galego segundo concello.